

DÍA DA PAZ 30 DE XANEIRO DE 2020

CANCIÓN: APERTAS QUE VOAN

ARTISTA: PACO NOGUEIRAS

Mans brancas e cara negra
teño os beizos vermellos
teño sentimentos novos
teño sentimentos vellos
Mans negras e cara branca
teño o meu peito cheo
de bicos e de sorrisos
de apertas que voan no vento

RETROUSO:

Porque ti es o meu amigo
porque nos levamos ben
porque ti es o meu amigo
distinto e igual á vez
Porque ti es a miña amiga
porque nos levamos ben
porque ti es a miña amiga
distinta e igual á vez

Eu non quero ver fronteiras
sempre me poño a pensar
en deixar a xanela aberta
así pode entrar o ar
Pintar o vento de cores
deixar as palabras medrar
sen dar máis razoamentos
e así poder cantar

RETROUSO

Un camiño faise a pasiños
un pasiño comigo has de dar
ha de ser un camiño bonito
se imos xuntiños da man
Non hai grandes nin pequenos
e de feros non imos falar
dame unha man compañeira
que pouco nos ha de importar

RETROUSO



